

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

*ANUNCIO das bases específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura de prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022, terceira fase da convocatoria (expediente 45808/220).*

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra, do 31 de xaneiro de 2025, publicáronse as bases específicas das prazas de persoal funcionario (analista informático, economista, enxeñeiro/a de camiños, enxeñeiro/a industrial, enxeñeiro/a de montes, delineante, diplomado/a en Enfermaría, inspector/a control concesionarias, programador/a informático, técnico/a auxiliar seguridade e mobilidade, técnico/a de sistemas, técnico/a medio de servizos económicos, técnico/a superior actividades culturais e educativas) e persoal laboral (capataz) incluídas nesta terceira fase da convocatoria.

As bases xerais dos procesos selectivos derivados da execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 publicáronse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra do 3 de xuño de 2024.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado* para persoal funcionario, sexa pola quenda libre ou por promoción interna, e laboral pola quenda libre, e anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial* da provincia, para persoal laboral pola quenda de promoción interna.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se publicarán no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Corporación, xuntamente coa páxina web municipal, [www.vigo.org](http://www.vigo.org)

Vigo, 31 de xaneiro de 2025

O alcalde

P.D. (Resolución de Alcaldía do 28.6.2024)

María Olga Alonso Suárez

Concelleira delegada de Normalización Lingüística,  
Educación, Recursos Humanos e Formación

P.D. (Resolución de Alcaldía do 28.6.2024

e Acordo da Xunta de Goberno Local do 28.6.2024)

Patricia Rodríguez Calviño

Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación,  
Festas e Xestión Municipal

